



Eu caseime na montaña  
cun fillo dun montañés.  
Adiós miñas coloríñas  
na montaña quedaréis.  
Adiós miñas coloríñas  
na montaña quedaréis.

*VI 1429a*

Eu quería-me casar,  
miña nai dime que é cedo,  
ela como está casada  
non sabe a gana qu'eu teño.  
Ela como está casada  
non sabe a gana qu'eu teño.

*VI 1798*

Manueliño foi ó viño,  
rompeu o xerro no camiño,  
mal do xerro mal do viño  
mal do cu de Manueliño.

*IV 369 bis*

E somos da Estrada  
dormimos no chan,  
chegamos á casa  
ás tres da mañán  
ás tres da mañán  
ás tres da mañán  
e somos da Estrada  
dormimos no chan.